



CONCELLO DE REDONDEIRA

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE VENTOSELA  
6 DE FEBREIRO DE 2018

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas anteriores.
2. Proposta orzamentos participativos ano 2018
3. Informar sobre as obras realizadas
4. Rogos e preguntas

ASISTENTES

Presidenta: M<sup>a</sup> José Barciela Barros

En representación dos grupos municipais:

- Jorge Varela Couñago (AER)
- José M. Alonso Estévez (PP)
- Pilar Sotelino Couñago (BNG)

Como representantes de asociacións:

- Ángel González Amoedo (sector cultura)
- Telmo Cabaleiro Castrelos (Miñoteira)
- Olga Nogueira Fernández ( ensino -Anpa)
- Celso Darroza Freire (sector deporte)

Como representante da Comunidade de Montes:

- Félix Cal Cortizas

Secretaria acctal.: Manuela Docampo Pintos

No Centro Social da Miñoteira, a seis de febreiro de dous mil dezaioito, previa convocatoria reuníronse os/as membros arriba nomeados do Consello Parroquial de Ventosela baixo a presidencia da Sra. Barciela Barros, por delegación do Sr. alcalde e asistidos de min, a secretaria acctal. do consello, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria convocada para o día de hoxe.

Pola presidenta, declarouse aberta a sesión as vinte horas e coarenta minutos, pasándose a tratar o punto primeiro da orde do día:

**1. Aprobación, se procede, das actas anteriores.**



CONCELLO DE REDONDELA

A presidenta dá conta das actas das xuntanzas ordinarias deste consello parroquial do 10 de maio de 2017 e 15 de novembro de 2017 e antes de sometelas a votación Olga Nogueira comenta en relación co punto 3.- *Rogos e preguntas* da acta do 15 de novembro no referente ao aparcadoiro da parte de abaixo do colexio, que non se tomou ningún acordo e que considera que ademáis de a Educación se debe comunicar tamén á mestra.

Os membros asistentes do consello mostran a súa conformidade á corrección indicada por Olga Nogueira.

Sometidas a votación as dúas actas, apróbanse ambas as dúas polos membros asistentes, incorporando a corrección indicada por Olga Nogueira na acta do 15 de novembro de 2017, engadindo despois da intervención de Ángel González que é a última da sesión, que “ O consello parroquial pide que o concello corrixa o procedemento de actuación respecto á utilización do aparcadoiro da parte de abaixo do colexio e que se comunique a Educación e á mestra.”

**A continuación a presidenta informa que o punto 2 e 3 da orde do día se tratarán conxuntamente (2. Proposta orzamentos participativos ano 2018 e 3. Informar sobre as obras realizadas)**

A presidenta informa do seguinte:

- Que a pista polideportiva, que se vai realizar fronte á fachada principal do centro cultural, que é unha obra municipal, está xa adxudicada, pendente de que a empresa deposite a fianza.
- Con respecto ao muro da parte de abaixo da Cultural, que se realizará cos orzamentos participativos do 2018 e que falla por facer as escaleiras.
- Queda pendente o parque infantil máis a pista de skate.

Con respecto ao parque infantil, mostra aos membros do consello parroquial 3 propostas de parques infantís, e explica que xa se elaborou polo técnico mpal. o orzamento.

Olga Nogueira pregunta polo custe do parque infantil.

A presidenta responde que é sobre 75.000 €, que neste presuposto se recolle o parque infantil (50.000 €) e a pista de skate (25.000 €).

Ángel González pregunta cómo quedaría a pista polideportiva .

Pilar Sotelino pregunta se a pista vai cuberta.

A presidenta contesta que ten unhas dimensións de 43 x 25 m e que non vai cuberta.

Félix Cal comenta que en teoría era unha pista homologada.



CONCELLO DE REDONDELA

Olga Nogueira pregunta de qué partida sae.

A presidenta responde que sae dunha partida sobrante dos orzamentos do concello, que o parque irá sempre e cando o remanente se aprobe, que se fala cos grupos políticos e depende dos cartos que haxa para todo o concello, pero que os grupos o teñen que aprobar.

Olga Nogueira pregunta en relación ao parque infantil se hai algunha empresa que faga xogos tradicionais galegos como chave, rans....que poidan estar a disposición dos rapaces. Di que hai culturais que teñen estes xogos.

A presidenta respóndelle que haberá que mirar se hai algunha empresa, que ela non coñece ningunha.

Celso Darroza cre que mais ben eses xogos están feitos por particulares.

Jorge Varela pregunta se o muro que se fixo cos participativos vai quedar así.

A presidenta contéstalle que hai que rechea e ataluzar, que o técnico do concello comentoulle de facer as escaleiras de 3 m, aínda que cre que con 1,50 m é dabondo.

Celso Darroza, Olga Nogueira e Telmo Cabaleiro consideran que é mellor facelas de 3 m, tal e como indica o técnico municipal, xa que con 1,5 m faríanse estreitas.

A presidenta comenta que as escaleiras entrarían nos participativos deste ano e que pór uns pasos pulidos son máis caros.

Celso Darroza di que se son pulidos se pode esvarar.

Telmo Cabaleiro, expón que ao mellor queda raro que o muro sexa de pedra tosca e pór logo uns pasos pulidos, que poderían ser serrados, pero cre que deberían ser toscos tamén.

**O consello parroquial por unanimidade acorda realizar cos orzamentos participativos do 2018 o remate do muro da parte de abaixo da Cultural e colocar os pasos das escaleiras de 3 m de pedra tosca.**

Ángel González, pide, referíndose ás propostas do parque infantil, que se hai algún columpio dos que se vaian a retirar e que se poida aproveitar, se coloquen no colexio.

A presidenta di que se substitúen porque están estragados e que hai algún en bo estado, vólvese a colocar.

José M. Alonso comenta que ao mellor ao arranxar os columpios estes xa non quedan homologados.

Ángel González propón que se leven para o colexio e que despois se arranxen.

A presidenta contéstalle que normalmente se fai ao revés, primeiro se arranxan e logo se colocan.



CONCELLO DE REDONDELA

Olga Nogueira comenta que aínda non se colocou a billa que se solicitara para o colexio.

A presidenta respóndelle que a mestra deulle a entender que non facía falla.

Olga Nogueira dille que hai que colocala e que tamén vai presentar unha instancia para que se peche a entrada do colexio.

Ángel Nogueira di que con facer unha parede se arranxaría.

### **3. Rogos e preguntas**

Olga Nogueira pregunta se no concello hai algún plan para zonas catastróficas.

A presidenta respóndelle que non ten coñecemento e que ademáis non hai cartos.

Olga Nogueira pregunta se non haberá en Patrimonio, subvencións sobre actuacións neste ámbito, xa que queda preto da escola o complexo rupestre e querían vencellar aos rapaces e está inaccesible. Pregunta se o leva Cultura, xa que foi a que puxo os carteis indicativos.

José M. Alonso contéstalle que os carteis os puxo “Pedra Taio”, que o concello tiña o ruteiro que se fixo no vran “rutas nocturnas”.

A presidenta dille que o preguntará a Teresa, a concelleira de cultura, para que o vaian a mirar.

Olga Nogueira expón que queren levar aos rapaces na primaveira e que lle interesaría facer unha actividade no Complexo rupestre A Pedreira.

Jorge Varela considera que se podería avisar ás culturais para esas subvencións.

Félix Cal di que ten recordado que o concello non pode intervir directamente coas comunidades, que desde Patrimonio da Xunta de Galicia, son así que están en zona particular e que formaban parte das rutas das pedras.

Olga Nogueira di que agora que se comunica no consello se pode pasar á Xunta.

A presidenta explica que hai subvencións que son fáciles e que son para iso.

Ángel González pregunta pola pista de skate.

Olga Nogueira pregunta quen a pediu.

A presidenta contéstalle que ten 96 m<sup>2</sup> e que lla pediron uns rapaces ao alcalde.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e coarenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba



CONCELLO DE REDONDELA

de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como secretaria do Consello,  
DOU FE.